

MESA SECTORIAL

1. Orde pola que se desenvolve o Decreto 60/2017 do 22 de xuño de reorganización de centros docentes de determinadas localidades.

Rexeitamos os modos e formas usados pola administración para facer modificacións á rede de centros , usando os últimos días do curso para facer públicas unhas decisións tomadas de costas á comunidade educativa e aos representantes legais dos e das traballadoras.

Non podemos crer que a Consellería actúe con tal improvisación, xa que amosaría unha irresponsabilidade manifesta porque os prazos de tramitación dun decreto non se cumpren en dous días, polo que se minte de forma descarada a toda a comunidade educativa. É evidente que a administración era consciente con antelación da eliminación destes centros e ensinanzas, polo que estamos diante dunha estafa ás familias ás que se ofertou matricular aos seus rapaces nestes centros e da vulneración dos dereitos laborais do profesorado que imparte ensinanzas neles.

O Conselleiro falta á verdade cando afirma que con estes cambios non hai redución da oferta educativa, de ser así non se reducirían as liñas xa existentes entre os centros afectados, co que a oferta redúcese e en moitos casos as aulas masifícanse e existe unha redución de profesorado en todos os centros.

En todo caso a orde que nos ocupa non fai máis que dicirnos o que se vai a aplicar pero non entra nas cuestións substanciais que son as que afectan ao profesorado dos centros transformados e á súa situación e ao número de unidades dos centros.

Desde CCOO entendemos que esta non é a forma axeitada de actuar, polo que **esiximos a retirada do Decreto, paralizar a decisión de transformación dos centros e iniciar un proceso de negociacións das unidades dos distintos centros durante este curso, para así salvagardar os dereitos das familias e do profesorado destes centros.**

Debemos criticar a ausencia de datos concretos, non se pode facer unha proposta concreta sen ter a totalidade dos datos enriba da mesa. Sen datos oficiais negámonos a facer propostas concretas, pero fixemos notar o seguinte:

- As ensinanzas non deben resentirse e non se debe deixar alumnado sen a oferta que viñan recibindo en cada cento, caso das seccións bilingües no CPI Monte Caxado ou a oferta das dúas vías de académicas e aplicadas en 4º ESO que existía no CPI Tomas de Lemos.
- Clarificar por que se segue un procedemento diferente en función dos centros, dado que esta distinción pode xerar unha maior discriminación no profesorado.
- Queremos amosar a nosa preocupación pola colocación de todo o profesorado pero especialmente do colectivo do corpo de mestres que está a impartir no primeiro ciclo de ESO dado que estes non poden exercer o dereito a manterse na localidade sen horas, sendo o máis afectado o profesorado de especialidades que teñen difícil recolocación na secundaria como Música e PT (ben pola falta crónica de horario nestas especialidades, ben pola ausencia de vacantes nas cidades). Pedimos que neses casos se cataloguen prazas para estas persoas aínda que sexa por riba de catálogo. Ademais a este profesorado ténselle que ofertar prazas do primeiro ciclo da ESO no CXT .